

VJ HISTORIA CINEMA para unha pedagogía da imaxe cinematográfica: son dúas sesións de VJ cinema nas que misturamos en directo imaxes-fragmentos de Historia do cinema e producimos discurso (en off) sobre as mesmas. Na procura das resonancias que nos fagan ver con perspectiva o acontecemento da pantalla. Analizamos as imaxes, o seu réxime e os seus signos, o seu con-texto creativo, seguindo sobre todo os textos Imaxe-movemento e Imaxe-tempo de Gilles Deleuze. Outras influencias clave: Artaud, Godard, Zizek, os propios cineastas cos que traballamos e comentamos; o noso propio visionado, a súa relación coa historia. O taller termina abrindo un coloquio entre os asistentes cun espazo de edición e consulta web [[taller sobre cinema](#)] cos enlaces dos fragmentos proxectados e outros. [Máis información](#). [Ficha curricular do docente](#).

OBXECTIVOS

- facer unha lista dos conceptos clave que nos permitan diferenciar os diferentes tipos de imaxe cinematográfica; a súa orixe e os mecanismos de evolución.
- contrastar a historia do cinema coa historia do século XX e as situacións e tensións políticas que a conforman.
- asociar aos diferentes tipos de imaxe e escolas, extractos de filmes, algúns deles recoñecíbeis e outros non, de modo que poidan ampliar a nosa “cultura cinematográfica”.

ACTIVIDADES

O taller divídese en dúas partes coas seguintes actividades:

1. charla e videoproxeccións misturadas con “tags” e citas en directo.
2. charla-coloquio e consulta-edición do wiki en tempo real co@s asistentes.

AVALIACIÓN

Editamos [unha páxina e unha categoría no wiki](#), que servirá tanto de avaliación da actividade como de espazo de relaboración e consulta por parte d@s asistent@s; tanto in situ e en tempo real como a posteriori.

VJ HISTORIA DO CINEMA

para unha pedagogía da imaxe cinematográfica



Misturamos en directo imaxes de Historia do Cinema e producimos discurso (en off) e tags sobre as mesmas. Dispoñemos de arquivo media-wiki de edición e consulta:
www.oteatroresoante.es/wiki

contacto
info@oteatroresoante.es
600708450

PROXECTO DE INNOVACIÓN PEDAGÓXICA

O TEATRO RESOANTE

www.oteatroresoante.es

UNIVERSIDADE

INVISIBEL

<http://invisibel.net>

PRIMEIRA SESIÓN O específico do cinema

A historia do cinema e o cinema como historia. Da imaxe-movemento á crise da imaxe-acción. Medios de comunicación e actualidade. A creación dun pobo. O cinema e os nacionalismos.

The man with the movie camera, Vertov (1929).

O nacemento dunha nación, Griffith (1915).

cinema abstracto

Rhythm 23, Hans Richter (1923).

Diagonal Symphonie, Eggeling (1924).

Anemic cinema, Duchamp (1926).

dialéctica soviética

O acorazado Potemkin (*Броненосец Потемкин*), Eisestein (1925).

cinema americano

O manantial (*The Fountainhead*), King Vidor (1949).

Varios de Buster Keaton.

Expresionismo alemán

Nosferatu, unha sinfonía do horror (*Nosferatu, eine Symphonie des Grauen*),

Murnau (1922).

Perversidade (*Scarlet street*), Fritz Lang (1945).

Metrópole, Fritz Lang, (1926).

M, o vampiro de Dusseldorf, Fritz Lang (1931).

Mecanicismo Francés

Ballet Mecanique, Leger (1924).

Surrealismo

O perro andaluz, Buñuel (1929).

imaxe-relación

O conflito dos Marx (*Animal Crackers*), Victor Heerman (1930).

A soga (*the rope*), Hitchcock (1948).

Vértigo, Hitchcock (1958).

Coa morte nos talóns (*North by Northwest*), Hitchcock (1959).

os fragmentos dos filmes son pequenos extractos de menos de 3 min. por filme e sempre cun fin pedagóxico, insertos nunha explicación máis ampla e como apoio á docencia doutros conceptos que son os que fan de fío conductor. Citamos o capítulo II, Límites dos dereitos de autor, epígrafe 32, Permiso cultural:

“ 1.- Es lícita la inclusión en una obra propia de fragmentos de otras ajenas de naturaleza escrita, sonora o audiovisual, así como la de obras aisladas de carácter plástico o fotográfico figurativo, siempre que se trate de obras ya divulgadas y su inclusión se realice a título de cita o para su análisis, comentario o juicio crítico. Tal utilización sólo podrá realizarse con fines docentes o de investigación, en la medida justificada por el fin de esa incorporación e indicando la fuente y el nombre del autor de la obra utilizada. Es decir que están permitidas la inclusión de citas de obras, de imágenes, fotografías con fines culturales y sin ánimo de lucro en obras propias.”

SEGUNDA SESIÓN A crise da imaxe-acción

A irrupción do sonoro. Ruptura do vínculo sensoriomotor. O intermedio, a interrupción. Calidades ópticas e sonoras puras. O audio-visual. O cinema e o pensamento.

a irrupción do sonoro

O gran dictador (*The Great Dictator*), C. Chaplin (1940).

neorrealismo italiano

Roma, cidade aberta (*Roma, città aperta*), R. Rossellini (1945).

Europa 1951 (*Europe 1951*), R. Rossellini (1952).

O eclipse (*L'eclisse*), M. Antonioni (1962).

A caída dos deuses (*La caduta degli dei*), L. Visconti (1969).

Morte en Venecia (*Morte a Venezia*), L. Visconti (1971).

O evanxeo segundo San Mateo (*Il Vangelo secondo Matteo*), P. Pasolini (1964).

Bergman

Persoa (1966) - a imaxe rostro. Crise e pensamento.

Orson Welles

Cidadán Kane (*Citizen Kane*), (1941) profundidade de campo.

A dama de Shangai (*The Lady from Shanghai*), (1948) a imaxe-cristal

Campanadas a media noite (*Falstaff*), (1965) o falsario e a fábula

imaxe-cristal

Gertrud, Dreyer (1964).

O sacrificio (*Offret*), A. Tarkovski (1986).

nouvelle vague

Cero en conducta, J. Vigo (1933).

Os catrocentos golpes (*Les Quatre Cents Coups*), F. Truffaut (1959)

O pequeno salvaxe (*L'Éfant sauvage*), F. Truffaut (1969).

Vivir a súa vida (*Vivre sa vie*), J.L. Godard (1962).

Pierrot le fou (1965), J.L. Godard.

documental: ficción-realidade? A con-fabulación

Cinema-verdade: Jean Rouch

video-resumo 1º sesión

PROXECTO
INNOVACIÓN
PEDAGÓXICA

VJ Historia do cinema